



## **PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DE GALEGO DOS CENTROS DE TITULARIDADE PRIVADA DE GALICIA QUE IMPARTEN ENSINANZAS REGRADAS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA O CURSO ESCOLAR 2020/21 (PL500B)**

### **PROPOSTA PROVISIONAL DE RESOLUCIÓN**

A Orde do 23 de decembro de 2020, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, anuncia a convocatoria de subvencións para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade privada de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios, para o curso escolar 2020/21 (PL500B) (DOG núm. 9, do 15 de xaneiro de 2021).

De acordo co disposto na base 13 da convocatoria e logo do informe elaborado pola Comisión Provincial de Cualificación, constituída no Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña, para a análise e cualificación dos proxectos (base 9 da convocatoria), a xefatura de gabinete formula esta Proposta provisional de resolución de adxudicación, na que consta a puntuación acadada para cada centro admitido (Anexo 1).

Así mesmo, segundo o previsto na convocatoria, esta proposta farase pública na páxina web <http://www.lingua.gal> e os centros interesados disporán dun prazo de dez días hábiles, que contarán dende o día seguinte ao da súa publicación, para que formulen as alegacións que consideren oportunas sobre esta proposta diante da xefatura do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña. En todo caso, os centros que presenten alegacións deberán enviar un correo electrónico ao dito gabinete provincial ([sxpl.acoruna@xunta.gal](mailto:sxpl.acoruna@xunta.gal)), no que indicarán o día en que presentaron a alegación e o motivo desta.

A Coruña, 21 de abril de 2021

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística da Coruña

Luís Sánchez Rodríguez

